

Resolución pola que se emprazan as partes interesadas no Procedemento Abreviado (PA) núm. 94/2026 interposto por Francisco Javier Romero Sánchez

Na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Ferrol tramítase o recurso contencioso administrativo correspondente ao PA núm. 94/2026 interposto por Francisco Javier Romero Sánchez contra a resolución reitoral do 27.03.2026 pola que se acordou o nomeamento de María Esther Diéguez Delgado como funcionaria de carreira da escala técnica (subescala de prevención de riscos laborais), de técnico en prevención de riscos laborais, subgrupo A2, polo sistema de turno libre.

Notifícase isto para coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer na praza núm. 1 da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Ferrol no prazo de nove días, que conta a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Coruña, na data da sinatura dixital

A xerenta

Código Seguro De Verificación	JkZ6idCQz02aunL8SZkntw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	21/07/2026 13:20:49
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/JkZ6idCQz02aunL8SZkntw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

